

## VI TRAIL DE VILATUXE 2018

Un ano mais a organización do Trail de Vilatuxe convoca a corredores e afeccionados a participar e desfrutar dunha xornada festiva para o deporte de montaña. Este ano Trail longo será a terceira proba puntuabel para a Copa Galega de Carreiras por Montaña, a vez que o Trail curto será Campionato Galego Júnior da modalidade.

1. **DATA:** o día 3 de xuño de 2018 celebraranse as probas **Trail longo**, **Trail curto** e **Andaina** de Vilatuxe, con saída e chegada dende o Puzo do Boi (praia fluvial de Vilatuxe)  
**N 42° 37' 00"**      **W 08° 12' 30"**
2. **MODALIDADES:**
  - A proba **Trail longo** terá un percorrido aproximado de 34 Km e un desnivel de 2.200 m + resultando 4.400 m na serra do Candán con un 94% por sendas, un 4% por pistas e un 2% por pista asfaltada.
  - A proba **Trail curto** con un percorrido de 17,5 km e 850 m de desnivel +.
  - A **Andaina** non competitiva, realizarase polo mesmo percorrido do Trail curto.
3. **SAÍDA:** para o **Trail longo** será as 9:00 horas, e para o **Trail curto** e **Andaina** as 9:30 horas.
4. **RETIRADA DE DORSAIS:** para todas as probas poderanse retirar o día anterior sábado 2, a partir das 18:00 no Puzo do Boi (praia fluvial de Vilatuxe), do mesmo xeito tamén se poderán retirar o mesmo día na zona de saída e meta entre as 7:00 e as 8:30 horas. Para a retirada de dorsais será obrigatorio presentar o DNI ou pasaporte, non podendo retirarse por unha persoa distinta ó destinatario. Para os corredores participantes na Copa Galega, será obrigatorio presentar a licenza federativa, que quedara en custodia da organización ata o remate da proba.
5. **CONTROL DE MATERIAL:** As 8:30 horas realizarase o control de material obrigatorio para o trail longo, que será fixado e publicado por a organización nos días previos a data de celebración da proba, en función da previsión meteorolóxica para ese día.
6. **CATEGORÍAS:** Poderán participar as persoas que o desexen con un mínimo de idade de 18 anos no Trail curto e Andaina así como 21 no Trail longo, ata un máximo

## VI TRAIL DE VILATUXE

---

de 600 participantes (300 para o trail longo, 200 para o Trail curto e 100 para a andaina), repartidos nas seguintes categorías:

- **Categorías Masculina e Feminina : Júnior e Sénior.**

- **Sub categorías Masculino e Feminina: Veterana A e B**

- **Categoría Júnior:** 18,19, e 20 anos, é dicir que non cumpra os 21 anos o ano de referencia.

- **Categoría Sénior:** a partir dos 21 anos cumpridos o ano de referencia

- **Sub categoría Veterana A:**

○ Masculina de 45 a 50 anos, é dicir que non cumpra os 51 anos o ano de referencia.

○ Feminina de 40 a 50 anos, é dicir que non cumpra os 51 anos o ano de referencia.

-**Sub categoría Veterana B:**

○ Masculina e feminina a partir dos 51 anos cumpridos no ano de referencia.

A idade a ter en consideración para toda a tempada, no referente a categoría e subcategorías, será a que o participante teña o día 31 de Decembro do ano da competición.

7. **ENTREGA DE PREMIOS** farase as 15:00 horas para ámbalas dúas probas.

8. **INSCRICIÓNS:** Será a través da páxina [Champion Chip Norte](#). Para as tres probas haberá dous prazos de inscrición e un desconto para os federados.

• **Primeiro prazo do 1 de abril ó 30 de abril:** Para este período os prezos serán os seguintes:

	Non federados	Federados
✓ Trail longo.....	23 €.....	20 €
✓ Trail curto.....	18 €.....	15 €
✓ Andaina.....	10 €.....	7 €

## VI TRAIL DE VILATUXE

---

- **Segundo prazo do 1 de maio ó 30 de maio:** Para este período os prezos serán os seguintes:

	Non federados	Federados
✓ Trail longo.....	28 €.....	25 €
✓ Trail curto.....	23 €.....	20 €
✓ Andaina.....	15 €.....	12 €

- Dita inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil, bolsa do corredor, avituallamentos, duchas, xantar e cantos obsequios ou regalos consiga a organización. Unha vez abonada a inscrición non se devolverá o importe da mesma nin haberá posibilidade de anulación.

9. **INFORMACION DA PROBA:** Toda a información relativa a proba e de interese para todo deportista que desexe participar na mesma **será publicada na paxina web “[www.traildevilatuxe.com](http://www.traildevilatuxe.com)”**
10. **SINALIZACIÓN E CONTROIS:** O percorrido estará sinalizado con cintas de plástico co logotipo da proba, sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos.
11. **TEMPOS DE CORTE:** unicamente serán para a proba Trail longo. Establecese un tempo máximo de 7 horas para completar o percorrido.  
Os tempos máximos intermedios serán os seguintes:

km	Lugar	Tempo	Hora
12	Ameixedo	2:30 h	11:30 h
21	Zobra	4:00 h	13:15 h
26	Pedroselo	5:00 h	14:00 h
30	Moa	6:00 h	15:00 h
34	Puzo do Boi (Meta)	7:00 h	16:00 h

12. Os corredores que non acaden os controis nos tempos máximos, deberán retirarse da proba xa que nin a organización nin os servizos de asistencia poden garantir a súa cobertura. Así mesmo os “Corredores Escoba” ou o responsable de cada control terán potestade para retirar da proba a calquera corredor/a se o seu tempo en carreira ou o seu estado así o aconsella.

## VI TRAIL DE VILATUXE

---

13. O/A corredor/a que se retire durante o transcurso da proba, deberá avisar ó control máis próximo e facer entrega do dorsal.
14. **AVITUALLAMENTOS:** Existirán 6 avituallamentos líquidos e sólidos para o Trail longo e 3 para o Trail curto e andaina, incluíndo o de meta que se distribuirán do seguinte modo:
- ✓ AV1 – Bustelos – Km 6 –sólido e líquido
  - ✓ AV2 – Ameixedo – Km 13 – sólido e líquido
  - ✓ AV3 – A Trigueira – Km 18 – sólido e líquido.
  - ✓ AV4 – Zobra – Km 22 – sólido e líquido
  - ✓ AV6 – Moa – Km 30 – Sólido y líquido
  - ✓ AV7 – Meta– Km 35 – Sólido y líquido
- Os marcados en cor verde serán os avituallamentos compartidos co Trail curto e andaina.
- Nos avituallamentos non se disporá de vasos, por o que será obriga do corredor levar recipiente para hidratarse.
15. **XANTAR:** A parte do avituallamento de meta haberá un bo xantar de confraternidade no Pozo do Boi (zona de meta) con música e parranda de animación. Os participantes de tódalas probas terán dereito a o xantar de forma gratuíta para o que se lle facilitará un **ticket** na bolsa do corredor que se entregará co dorsal. Poderase inscribir a cantos acompañantes se desexe para o xantar, previo pago, a través da plataforma de inscrición de [Champion Chip](#), dun complemento de **3 €** por acompañante. Os **tickets** para o xantar dos acompañantes entregaranse ca bolsa do corredor de quen os teñan solicitado.
16. Na zona de Saída a organización terá un servizo de **BAR** no que se servirán almozos quentes e todo tipo de bebidas.
17. **PREMIOS:**
- **TROFEO** ós tres primeiros da clasificación xeral nas categorías masculina e feminina (Trail longo e curto).
  - **TROFEO** a os tres primeiros de cada categoría no Trail longo e os tres primeiros da categoría Junior no Trail curto onde se proclamará o campión galego da categoría.

## VI TRAIL DE VILATUXE

---

- **TROFEO** para os tres primeiros equipos na proba Trail longo. Para este premio puntuarán os 5 primeiros corredores en chegar a meta de cada equipo.
  - **PREMIO ESPECIAL** para o ascenso mais rápido ao monte Coco cronometrado por chip.
  - **PREMIO ESPECIAL** de lanzamento para o primeiro home e a primeira muller en chegar o km 3 e acabe a carreira no tempo establecido pola organización.
  - Os trofeos non serán acumulativos, os premios especiais serán acumulativos cos trofeos pero non entre si (poderase gañar premio especial mais trofeo, pero non dous premios especiais).
  - **SORTEO** entre os participantes dos diferentes regalos que a organización poida conseguir.
  - **Existirá unha clasificación paralela segundo o regulamento da Federación Galega de Montaña como carreira puntuabel para a Copa Galega.**
18. **DUCHAS:** na mesma zona de meta e a maiores a organización porá a disposición dos corredores as duchas do colexio público de Vilatuxe, a 1 km da saída (**N 42° 36' 51'' W 08° 11' 31''**)
19. **APARCADOIRO:** Habilitarase zona para estacionamento de auto caravanas e vehículos ao carón da zona de meta.
20. A inscrición nesta proba supón a **aceptación do presente regulamento**, implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización á **gravación** total ou parcial da súa participación na mesma, presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódolos xeitos posibles e cede tódolos dereitos relativos á súa explotación, comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar.
21. Permítese recibir axuda externa ao corredor, tal como bastóns, xeles, auga ...
22. Quedará **descualificado/a** desta proba todo o que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, salte un control de paso, deteriore ou ensucie a contorna, non leve o seu dorsal ben visible, manteña unha conduta impropia ou desatenda as indicacións da organización.

## VI TRAIL DE VILATUXE

---

23. A organización resérvase o dereito a realizar as **modificacións** que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a **suspensión da proba** se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.
24. Os/as participantes están obrigados a **auxiliar** ós accidentados que precisen axuda así como a informar de calquera incidente nos controles de paso.
25. A pesar do persoal disposta pola organización ao longo do percorrido os/as participantes están obrigados a respectar as **normas de circulación** nos cruzamentos coas estradas.
26. Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización, quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir ós corredores en moto, bicicleta, quad ou similar polo circuito.
27. A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante.
28. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.
29. En todo o non contemplado neste regulamento, a proba basearase nos regulamentos da Federación Galega de Montañismo e da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME).
30. Para calquera dúbida, poden poñerse en contacto coa organización no correo electrónico [gtrail@gmail.com](mailto:gtrail@gmail.com).

## VI TRAIL DE VILATUXE

---

### Programa de celebración.

Enumeración das actividades consolidadas con horas de inicio e remate garantindo o reparto de entretemento ao longo do día.

#### **SABADO:**

**12:00** Apertura de cámping na praia fluvial.

**17:00** Recepción de corredores e entrega da bolsa do corredor.

**20:00** Presentación da proba e charla técnica no Puzo do Boi (praia fluvial).

#### **DOMINGO:**

**7:00** Entrega de dorsais e da bolsa do corredor.

**8:30** Peche da entrega de dorsais.

**9:00** Saída do Trail longo.

**9:30** Saída do Trail curto e Andaina.

**13:15** Chegada dos primeiros corredores.

**14:30** Entrega de premios

**15:00** Xantar.

